



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNIÓN

COMITÉ-DIRECCIÓN 11/02/09

Reunión onde a Representación dos Traballadores demos a nosa posición a respecto dos documentos, **BOLSA DE HORAS** (modificación) e o de **ADAPTACIÓN MARCO LABORAL**.

COMENTARIO.-

Dende o momento que se desatou esta crise, os traballadores/as sen ser culpables, sabíamos que dende a responsabilidade, non por elo podíamos ser indiferentes a compartir nas respectivas empresas, medidas de carácter conxuntural para saír adiante.

A defensa do emprego debe ser pois o compromiso compartido polas tres partes, Administración, os Traballadores/as e as propias Empresas.

A Administración, que somos todos, veu de aportar no mes de Decembro 10 millóns de € para o noso Sector; para o presente trimestre 25 millóns, e a nivel do Estado son 250 millóns de € os solicitados, aportacións das que esperamos veñan acompañadas de outras Disposicións Legais.


Os traballadores/as, xa vimos soportando:

- .-perda de emprego co peche da quenda de noite*
- .-conxelacións da xubilación*
- .-pasar de 4 semanas de vacacións a 2 (esperamos que queden en 3)*
- .-a renuncia deste ano dos 175 €*
- .-non dispor do día de disfrute individual*
- .-a posta en marcha de quendas con xornada de 6'45.*

A Empresa, pola súa parte, xunto a estas medidas presentounos a mediados de xaneiro estes dous Documentos, os cales foron motivo de debate entre os traballadores/as e que hoxe no seu nome, dimos o noso pronunciamento.

BOLSA DE HORAS.-

Como sabemos, este mecanismo que aprobamos a maioría no seu día, a C.I.G. o considera fundamental, para impedir ou cando menos retrasar no máximo tempo posible unha ERE, ademais de preguntarnos ¿que pasaría de non ampliar o saldo negativo con aqueles traballadores/as que están xa próximos os 20 días de débito?. Unha vez valoradas as modificacións no seu conxunto onde se contempla o ampliar **só no sentido negativo de 20 a 30 días**, e incluír a palabra **voluntariedade** na recuperación, por maioría da Asemblea *decidimos asinalo.*



ADAPTACIÓN MARCO LABORAL.-

Con independencia dos sacrificios sociais e económicas que os traballadores/as estamos aportando, neste 2º Documento, a Dirección nun exercicio moi común das Empresas de querer aproveitarse da situación para quitar dereitos, neste caso preténdese a *flexibilidade das condicións de traballo para o Sistema II*, deixando aberto tamén o compromiso de buscar fórmulas para a *recuperación da produción no Sistema I*.

Para a C.I.G., neste Documento, ademais de procederse a *cambios de quendas e talleres sen respectar criterios*, nada ten que ver coas medidas que se necesitan para saír desta crise, e si, coas ideas dos últimos meses de *precarización* (como andón... categoría de pinche..., pretender habilitar os domingos...ou haber intentado quitar o tempo do bocadillo...etc.)

Unha vez debatido este texto, a Asemblea por unanimidade decidiu *non asinalo*.

Ante calquera dúbida sobre os documentos, estes están vosa disposición no local da C.I.G.

PROFESIONAIS.-

A respecto deste 3º documento onde se propón un procedemento para a Mobilidade Funcional deste colectivo, e sobre o cal a C.I.G. xa deu no seu día os criterios que debían prevalecer, e que son públicos. A Dirección avanza algunhas puntualizacións sobre o borrador, e que para a vindeira semana nos facilitará a redacción definitiva. Texto que a C.I.G. analizará cos afectados.

COLETILLA FINAL

Esta reunión finaliza co comentario de enfado por parte da Dirección sobre os discrepantes, en consecuencia houbo que lembrarlle que ademais de ser un exercicio da liberdade, debemos manter o respecto mutuo. Na C.I.G. as decisións as marcan os seus afiliados e afiliadas democraticamente.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com